

«Veñen rapaces a xogar o xadrez como parte das terapias de hiperactividade»

A disciplina demostrou en moitas ocasións a súa efectividade nos tratamentos de déficit de atención ou concentración

PEDRO ABRIL, A.V.
FERROL / LA VOZ

O Círculo Ferrolán de Xadrez ten, dende hai xa varios anos, unha especial relevancia no panorama educativo da cidade. Ademais do nivel competitivo demostrado a nivel autonómico e nacional, o clube participa en varios proxectos pedagóxicos, tales como o seu emprego nas escolas ou o apoio a diversas terapias e tratamentos. Juan Rey, presidente da entidade, explica en que consisten e como xurdiron as distintas iniciativas.

—¿Cal é a orixe destas sesións de xadrez nas escolas?

—Isto funciona dende hai catorce anos, polo interese de tódolos centros de ensino, tanto públicos como privados, e por un convenio que renovaremos para o curso que vén. Cada uni-

dade pedagóxica ten unha duración de media hora, impartida en horario lectivo, e que abrangue dende os últimos anos de educación infantil ata o primeiro ciclo de primaria.

—¿Podería explicar en que consiste o programa?

—Os rapaces comezan normalmente ós cinco anos, e participan nun total de trinta horas de curso ó ano. Algunhas das actividades son, por exemplo, o uso da aula informática cun programa específico de xogo. Isto tamén nos resulta útil a nós, xa que podemos captar posibles xogadores cunha detección moi precoz. Así, se lles gusta o bastante, poden acabar vindo á propia escola de xadrez.

—¿E participan nalgún tipo de competición?

—Si, tratamos de organizar ci-

tas, tres ó ano concretamente, con regras *light*, isto é, con diversas concesións para non trabar o xogo e que poidan divertirse. O que menos lles interesa é ir apuntando as xogadas.

—¿Que beneficios ten para os nenos comezar a xogar sendo tan novos?

—É fundamental a estimulación cerebral antes dos nove anos, porque logo comeza o crecemento da codia externa e a absorción das ensinanzas non é igual. O desenvolvemento é moito máis rápido e maleable cando aínda son pequenos. Isto sábese dende hai anos e, en distintos países, apareceron planes para estimular este factor.

—Tamén se fala das aplicacións do xadrez en terapias psicolóxicas.

—Correcto. O xadrez ten múltiples beneficios, xa que activa,



Juan Rey, presidente do Círculo Ferrolán de Xadrez. JOSÉ PARDO

entre outras funcións, a memoria, especialmente a memoria dinámica, así como o razoamento. Veñen moitos rapaces hiperactivos como parte das súas terapias, xa que este xogo axuda á concentración. Dese xeito, pódense corrixir algúns problemas concretos, como pode ser a dificultade para ler durante moito tempo.

—¿E que aspectos son os máis afectados pola práctica do xadrez?

—Os psicólogos rusos aprecian especialmente o aspecto da percepción dinámica, algo moi presente e importante nos xogadores profesionais, pero tamén en labores de investigación, como pode ser a propia policía.